



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES  
SECCIÓN DE EDUCACIÓN E CULTURA

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DO XIX PREMIO “CASTELAO” DE BANDA DESEÑADA

**DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,**

Vista a proposta que formula o xurado do XIX Premio “Castelao” de banda deseñada e logo dos informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización.

### RESOLVO:

**Primeiro.-** De conformidade coa proposta do xurado, conceder o XIX Premio “Castelao” de banda deseñada, por importe de 6.500,00 € en cada unha das modalidades, ás seguintes persoas:

MODALIDADE	PEZA	AUTORÍA	NIF	NÚMERO EXPEDIENTE PAGO PREMIO	IMPORTE
Xeral	"Adelina"	Sandra López Díaz	***4720**	2024000032455	6.500,00€
Literatura infantil e xuvenil	"A raíña cadáver"	Laura Suárez Fernández	***0941**	2024000032457	6.500,00€

**Segundo.-** Imputar a concesión dos premios, por importe total de 13.000,00€, á partida 0612/3341/481 , fase A, operación número 220240009786,1, do vixente Orzamento.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.